

# Concello de Mondariz

**EXPEDIENTE:** 298/2019  
**ASUNTO:** Contrato de explotación do servizo de quiosco na praia fluvial do Val.  
**TEMA:** Informe técnico

## INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS

A requerimento do Concello de Mondariz, en relación ao expediente iniciado para licitación do contrato relativo á explotación do servizo de quiosco na praia fluvial do Val, na parroquia de Riofrío; emito o seguinte,

### INFORME

#### 1.- Descrición detallada:

A instalación do quiosco sitúase nunha parcela de titularidade municipal, inscrita no Inventario de Bens Municipais co núm. de inventario: 16. Sita na praia fluvial de Praia do Val, na parroquia de Riofrío, concello de Mondariz. A edificación conta coa referencia catastral 36030A046000030001QO, emprazada na parcela con referencia catastral 36030A046000030000MI.

Por parte do Concello de Mondariz, cederase a xestión do quiosco, destinado unicamente á prestación deste servizo, nos termos previstos polos pregos que rexerán a licitación, entregándose os seguintes elementos terminados e en funcionamento:

- Edificación que inclúe dous aseos independentes para ambos sexos, con acceso dende o exterior; un espazo para quiosco con porta de acceso e ventá exterior; e un porche cuberto.
- Conta con instalación eléctrica completa, e con instalación de fontanería e saneamento

A superficie construída total do quiosco é duns 85,00 m<sup>2</sup>, incluíndo o porche cuberto que dispón duns 25,00 m<sup>2</sup>. A superficie destinada unicamente a quiosco (excluíndo os aseos), é duns 55,00 m<sup>2</sup>.

A parcela na que se empraza o quiosco conta cuns 21.843,00 m<sup>2</sup>, destinados a usos deportivos e de lecer, incluíndo aparcamento propio.

#### 2.- Valoración:

Previo recoñecemento e estudo dos bens, tomando como referencia valoracións de establecementos análogos no sector hostaleiro, e tendo en conta a súa situación, emprazamento, superficie e características, estímase unha valoración polo ocupación do dominio público, de 3.600,00 euros anuais (tres mil seiscientos euros en 12 meses).

#### 3.- Obras previas e instalacións:

Non son necesarias obras previas para posibilitar o uso e explotación do quiosco.

#### 4.- Comunicación previa de actividade:

O adxudicatario deberá respectar na explotación do local as prescricións necesarias para a protección do medio ambiente, así como os valores límite de emisión acústica e as medidas preventivas necesarias. Á súa vez, de maneira previa ao comezo da actividade, o adxudicatario realizará no Concello a correspondente comunicación previa de actividade.

#### 5.- Medidas sanitarias:

No exercicio da explotación deberán observarse en todo momento as condicións hixiénicas que establece a lexislación vixente, principalmente no Real Decreto 3484/2000, de 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas e o Regulamento CE 852/2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios. Ademais, o adxudicatario da concesión deberá respectar as prescricións sanitarias recollidas na Lei 28/2005, de 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, na súa redacción dada pola Lei 42/2010, de 30 de decembro.

#### 6.- Danos e prexuízos:

A valoración dos danos e prexuízos que a ocupación puidese ocasionar cun uso normal, valorarase no momento de finalizar a ocupación.

En Mondariz.

A arquitecto.

*Documento asinado electrónicamente na marxe.*

